


AS LOITAS FEMINISTAS COMO MOTOR DE CAMBIO



A través desta serie de actividades que plantexamos pretendemos que todo o alumnado, dende as persoas máis novas ata as máis vellas, analicen as desigualdades que existen entre homes e mulleres e que dende a educación, adquiran un espírito crítico ante esta desigualdade, así como que a igualdade sexa o eixo principal nas súas relacións.

Todas as actividades que plantexamos son orientadoras. Cada profesor/a pode adaptalas, modificalas, amplialas... en función de súas necesidades

Xustificación

O Feminismo tense desenvolvido, como un proceso fundamental para a consecución dos valores sociais de igualdade e de liberdade na sociedade, de tal xeito que consideramos a importancia de desvelalo ao noso alumnado

Obxectivos

1. Fomentar relacións de equidade entre xéneros.
2. Visibilizar a aportación das mulleres na sociedade.
3. Utilizar os medios de comunicación como fonte de información.
4. Crear espírito crítico ante a desigualdade entre homes e mulleres.
5. Corrixir determinados aspectos da realidade a través dunha situación lúdica.
6. Visibilizar a xenealogía dos movementos de mulleres con obxectivos feministas.
7. Recoñecer a contribución do feminismo ao desenvolvemento das sociedades democráticas.
8. Visibilizar e valorar a loita de tantas mulleres en pro da consecución dos nosos dereitos.

Metodoloxía

O alumnado terá un papel activo. A través da investigación irán descubrindo novas situacións. Fomentárase o traballo en grupo e o diálogo e o debate para así acadar unha aprendizaxe significativa. O papel do profesorado será orientar, guiar e motivar ao alumnado.

educación infantil

GRANDES MULLERES

Imos traballar neste bloque con mulleres concretas, a súa vida e os seus logros. Non só imos considerar "mulleres pioneiras" ás grandes mulleres que a historia xa recoñeceu, senón tamén ás máis próximas a nós, que co seu esforzo e o seu traballo melloraron a vida da xente e da súa contorna.

Trátase de facer unha enquisa ás avoas ou outras mulleres de máis idade da contorna para saber como era a súa vida e as dificultades que tiñan por ser mulleres. Que papel xogaban na súa sociedade e como lles gustaría vivir se pudesen elixir.

Esta actividade ten tres fases:

- 1ª. Traer fotos das aboas para colocalas nun panel co seu nome debaixo.
- 2ª. Trátase de facer unha enquisa ás avoas, ou outras mulleres maiores da contorna para saber como era a súa vida e as dificultades que tiñan por ser mulleres. Que papel xogaban na súa sociedade e como lles gustase vivir se pudesen elixir.
- 3ª. Nesta actividade queremos que as avoas vaian á clase para que expliquen como era a súa vida. Que traballos facían as mulleres, cales os homes; en que consistía o seus traballos (na casa, no campo, ou se traballaban para fóra), que alimentos comían, como se relacionaban, cando ían á vila/cidade, ou se saíran fora de Galiza (cara onde, por pracer/obriga, se emigraron como era a vida na emigración), a que xogaban, que festas facían. É bo que con anterioridade á visita se prepare un pouco a entrevista. Agora coñecida a información dada queremos centrarnos nas mulleres do nosa vila que en épocas de situación difícil para muller tiñan difícil tiveron algunha relevancia fóra do ámbito doméstico, é dicir, que realizaban un traballo coñecido e valorado máis alá das actividades que lles tiña reservada o estereotipo de xénero da época e que, dalgún xeito, cambiaron ou melloraron a súa contorna. A maioría de mulleres estiveron traballando no



ámbito doméstico, nos fogares, realizando unha labor esencial para a economía familiar e de Galiza, pero tamén queremos coñecer outras experiencias de mulleres que tiveron que loitar para rachar a idea que delas se tiña.

Esta actividade realizábase en combinación coas familias tanto na realización das tarefas relacionadas coa entrevista como na procura de mulleres que fixeron posible un cambio na comunidade

Sempre incidir que as actividades relacionadas co desenvolvemento dunha conciencia de igualdade hase de traballar en cada unha das actividades diarias e en cada unha das unidades que se traballen.